

ACTA DE REALIZACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN (EXAME PRÁCTICO) PARA O PROCESO DE SELECCIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DÚAS (2) PERSOAS PARA OCUPAR OS POSTOS DE TRABALLADORES/AS FORESTAIS AO ABEIRO DO PROGRAMA “GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO” NO CONCELLO DE TEO.

Sendo as 14:00 horas do día 09/06/2026 reúnese, na Nave do Concello sita en Lucí, o tribunal para a selección de persoal laboral temporal, por concurso-oposición, de dúas (2) persoas desempregadas para a realización das tarefas contempladas na memoria que acompaña a solicitude de subvención presentada ao abeiro do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (DOG nº 24, de 05.02.2026).

Presidente:

D. Jesús Naveira Vázquez, xefe de servizos xerais do Concello de Teo

Vogal:

D. Luis Javier Castro Martínez, arquitecto técnico do Concello de Teo

Secretaria:

D^a. Carmen Vidal González, administrativa do Concello de Teo.

Realizado o chamamento das persoas aspirantes preséntanse á proba:

- Cheda Montes, María Inmaculada
- Mayer Rial, Miguel
- Santos Veiga, Xavier
- Vales Mosquera, José
- Villanueva Santos, Vitor

De acordo co disposto na base sexta, realízase unha proba consistente en:

“- Fase de oposición: 25 puntos

Esta fase consistirá na realización dunha proba práctica, obrigatoria e eliminatoria, que terá relación co posto a desempeñar e coas tarefas que se executan de xeito cotiá no posto de traballo ofertado. A finalidade da mesma é que as persoas aspirantes amosen, nun tempo máximo de 30 minutos, a súa destreza na realización das tarefas propias dos traballadores forestais. A puntuación máxima deste apartado é de 25 puntos e para entendela superado haberá que acadar unha puntuación mínima de 12,50 puntos.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da/s persoa/s aspirante/s que acade/n maior puntuación na fase de oposición e, de persistir o empate, a favor da/s persoa/s con maior tempo en situación de desemprego que se acreditará co informe de situación de desemprego expedido polo Servizo Público de Emprego.

A nota da fase de oposición de cada aspirante será a resultante da media de todas as puntuacións outorgadas por cada membro do tribunal con voz e voto.

O tribunal procederá a cualificación das persoas aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, da relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, elevando á alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor das dúas persoas candidatas que obtiveran a maior puntuación total.

Publicada a referida lista, as persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo máximo de dous (2) días dende tal publicación.

Se algunha das persoas candidatas inicialmente propostas renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a contratación realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Se durante o tempo de vixencia do contrato a persoa seleccionada decide rescindir o mesmo, a contratación, polos meses restantes, realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente."

O exercicio consiste en cortar a herba nunha zona determinada da parcela, de 5m2 aproximadamente, empregando unha rozadora mecánica. Previamente, o aspirante terá que elixir e colocar axeitadamente os accesorios necesarios da rozadora, colocar os EPI's correspondentes, así como poñer a funcionar a máquina nunhas condicións axeitadas de seguridade.

O tempo máximo da proba será de 30 minutos.

A proba iníciase as 14:02 e remata as 14:55 horas.

Rematado o exercicio o tribunal procede á avaliación das probas entregadas polos participantes presentados, obténdose o seguinte resultado:

NOME E APELIDOS: MARÍA IMACULADA CHEDA MONTES

Hora de Inicio: 14:02h.

Hora de finalización: 14:13h.

USO E MANEXO DUNHA ROZADORA		
COLOCACIÓN DE EPIS (puntuación máxima 5 puntos)	Pantalla e gafas	5.00
	Perneiras	
	Cascos	
	Guantes	
INSTALACIÓN DO CABEZAL (puntuación máxima 5 puntos)	Elixir o cabezal axeitado	5.00
	Cargar o fío.	
	Instalar o cabezal	
POSTA EN FUNCIONAMENTO (puntuación máxima 5 puntos)	Revisar o nivel de combustible	5.00
	Cebar o carburador	
	Accionar o estrangulador de aire	
	Acendido da máquina	
	Colocación sobre o arnés.	
USO DA MÁQUINA (puntuación máxima 10 puntos)	Destreza e habilidade	9.00
	Rapidez	
	Resultado final da corta.	
	Tempo utilizado na proba (11 min.)	
TOTAL		24.00

NOME E APELIDOS: MIGUEL MAYER RIAL

Hora de Inicio: 14:15h.

Hora de finalización: 14:22h.

USO E MANEXO DUNHA ROZADORA		
COLOCACIÓN DE EPIS (puntuación máxima 5 puntos)	Pantalla e gafas	5.00
	Perneiras	
	Cascos	
	Guantes	
INSTALACIÓN DO CABEZAL (puntuación máxima 5 puntos)	Elixir o cabezal axeitado	3.00 (non soubo cargar o fío)
	Cargar o fío.	
	Instalar o cabezal	

POSTA EN FUNCIONAMENTO (puntuación máxima 5 puntos)	Revisar o nivel de combustible	5.00
	Cebiar o carburador	
	Accionar o estrangulador de aire	
	Acendido da máquina	
	Colocación sobre o arnés.	
USO DA MÁQUINA (puntuación máxima 10 puntos)	Destreza e habilidade	0.00
	Rapidez	
	Resultado final da corta.	
	Tempo utilizado na proba (7 min.)	
TOTAL		13.00

NOME E APELIDOS: Xavier Santos Veiga.

Hora de Inicio: 14:25h.

Hora de finalización: 14:39h.

USO E MANEXO DUNHA ROZADORA		
COLOCACIÓN DE EPIS (puntuación máxima 5 puntos)	Pantalla e gafas	4.50 (non puxo as gafas)
	Perneiras	
	Cascos	
	Guantes	
INSTALACIÓN DO CABEZAL (puntuación máxima 5 puntos)	Elixir o cabezal axeitado	4.00 (Fío mal posto e descompensado)
	Cargar o fío.	
	Instalar o cabezal	
POSTA EN FUNCIONAMENTO (puntuación máxima 5 puntos)	Revisar o nivel de combustible	3.00 (Non revisou o nivel de combustible, non cebou o carburador nin accionou o estrangulador de aire)
	Cebiar o carburador	
	Accionar o estrangulador de aire	
	Acendido da máquina	
	Colocación sobre o arnés.	
USO DA MÁQUINA (puntuación máxima 10 puntos)	Destreza e habilidade	6.00 Pouca destreza, habilidade e rapidez.
	Rapidez	
	Resultado final da corta.	
	Tempo utilizado na proba (14 min.)	
TOTAL		17.50

NOME E APELIDOS: JOSÉ VALES MOSQUERA

Hora de Inicio: 14:44h.

Hora de finalización: 14:55h.

USO E MANEXO DUNHA ROZADORA		
COLOCACIÓN DE EPIS (puntuación máxima 5 puntos)	Pantalla e gafas	5.00
	Perneiras	
	Cascos	
	Guantes	
INSTALACIÓN DO CABEZAL (puntuación máxima 5 puntos)	Elixir o cabezal axeitado	5.00
	Cargar o fío.	
	Instalar o cabezal	
POSTA EN FUNCIONAMENTO (puntuación máxima 5 puntos)	Revisar o nivel de combustible	5.00
	Cebiar o carburador	
	Accionar o estrangulador de aire	
	Acendido da máquina	
	Colocación sobre o arnés.	

USO DA MÁQUINA (puntuación máxima 10 puntos)	Destreza e habilidade	10.00
	Rapidez	
	Resultado final da corta.	
	Tempo utilizado na proba (11 min.)	
TOTAL		25.00

NOME E APELIDOS: VITOR VILLANUEVA SANTOS

Hora de Inicio: 14:57h.

Hora de finalización: 15:14h.

USO E MANEXO DUNHA ROZADORA		
COLOCACIÓN DE EPIS (puntuación máxima 5 puntos)	Pantalla e gafas	5.00
	Perneiras	
	Cascos	
	Guantes	
INSTALACIÓN DO CABEZAL (puntuación máxima 5 puntos)	Elixir o cabezal axeitado	5.00
	Cargar o fio.	
	Instalar o cabezal	
POSTA EN FUNCIONAMENTO (puntuación máxima 5 puntos)	Revisar o nivel de combustible	5.00
	Cebar o carburador	
	Accionar o estrangulador de aire	
	Acendido da máquina	
	Colocación sobre o arnés.	
USO DA MÁQUINA (puntuación máxima 10 puntos)	Destreza e habilidade	8.00 (un pouco lento)
	Rapidez	
	Resultado final da corta.	
	Tempo utilizado na proba (17 min.)	
TOTAL		23.00

Á vista das puntuacións obtidas nas fases de concurso e na de oposición, o resultado final do proceso selectivo é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	Concurso	Proba práctica	Total
Mª Inmaculada Cheda Montes	***9526**	4,70	24,00	28,70 puntos
Miguel Mayer Rial	****9342*	2	13,00	15,00 puntos
Xavier Santos Veiga	***6059**	0,75	17,50	18,25 puntos
José Vales Mosquera	***5829**	1,90	25,00	26,90 puntos
Vitor Villanueva Sánchez	**9549***	5,25	23,00	28,25 puntos

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal ACORDA:

1º. Cualificar aos aspirantes Mª Inmaculada Cheda Montes, Miguel Mayer Rial, Xavier Santos Veiga, José Vales Mosquera e Vitor Villanueva Santos como aptos.

2º. Propoñer á Alcaldía a contratación de D. Mª Inmaculada Cheda Montes, DNI *9526** e Vitor Villanueva Sánchez, DNI **9549*** como traballadores forestales, categoría Oficial de 2ª (GC 8), por un período de nove (9) meses, xornada completa, ao abeiro do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (DOG nº 24, de 05/02/2026).**

3º. Publicar na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes presentados ca puntuación obtida.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as quince horas e trinta e tres minutos do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade, asínase por todos os membros do tribunal.

Presidente
Jesús Naveira Vázquez

Vogal
Luis Javier Castro Martínez

Secretaria
Carmen Vidal González.